



Relatoría da
xornada

Miradas Complementarias: Unha análise multidisciplinar do conflito palestino-israelí en Oriente Próximo

Autoría:

Elena Gutiérrez Díaz

Érika Calvo Rivera

MIRADAS COMPLEMENTARIAS: UNHA ANÁLISE MULTIDISCIPLINAR DO CONFLICTO PALESTINO-ISRAELÍ EN ORIENTE PRÓXIMO

Organización:

Universidade de Santiago de Compostela (Reitorado da USC e Facultade de Filosofía)

Fundación Araganey – Puente de Culturas

Data: Mércores, 30 outubro de 2024.

Lugar: Salón de Actos da Facultade de Filosofía da USC, Praza Mazarelos

Horario: de 17:00h a 20:15h

Online: https://www.youtube.com/live/Bp_OoS4pJ6I?feature=shared

Coordinación:

Xavier de Donato (Decano Facultade de Filosofía da USC)

David Rodríguez Seoane (Director da Fundación Araganey)

Relatoría:

Elena Gutiérrez Díaz (Programa de Doutoramento en Estudos Culturais)

Erika Calvo Rivera (Programa de Doutoramento en Filosofía)

PROGRAMA DE CONTIDOS

Presentación da xornada

17.00 h - 17.15 h.

- Inauguración da mesa a cargo de Pilar Murias, *vice-reitora de Estudantes e Cultura da USC*
- Palabras de benvida a cargo de Xavier de Donato, *decano da Facultade de Filosofía da USC*
- Contextualización da xornada a cargo de Jesús Núñez Villaverde, *co-director do Instituto de Estudos sobre Conflitos e Axuda Humanitaria (IECAH)*

PANEL 1. AS PEZAS DO CONFLITO: ELEMENTOS HISTÓRICOS, SOCIOPOLÍTICOS E ÉTICO-FILOSÓFICOS

17.15 h - 18.30 h

Modera: Jesús Núñez Villaverde, Co-director IECAH

- Antonio Míguez Macho, *profesor de Historia Contemporánea*
- Antón Losada, *profesor de Ciencia Política e da Administración*
- Luís García Soto, *profesor de Filosofía Moral e Política*

PANEL 2. A LOITA POLA CAUSA PALESTINA DENDE A SOCIEDADE CIVIL ORGANIZADA E O ACTIVISMO

18:45 h - 20.00 h

Modera: Guadalupe Jiménez Esquinas, profesora de Antropoloxía Social (USC)

- Ghaleb Jaber Ibrahim, *empresario e presidente de honra da Fundación Araguaney*
- Leila Nachawati, *escritora e activista experta en Oriente Próximo*
- Sara Ashour, *representante de la Asociación Galaico Árabe Jenin e activista*

Clausura

Peche do acto a cargo de representantes da USC e da Fundación Araguaney

RELATORÍA DA XORNADA

Miradas Complementarias: unha análise multidisciplinar do conflito palestino-israelí en Oriente Próximo

Elena Gutiérrez Díaz

Érika Calvo Rivera

1. Presentación da xornada

O día 30 de outubro a Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela acolleu, en colaboración coa Fundación Araganey, dúas mesas redondas que tiveron como propósito profundar, dende unha mirada interdisciplinar, no conflito palestino-israelí en Oriente Próximo. Explican a vicerreitora de Estudantes e Cultura, Pilar Murias e o decano da facultade, Xavier de Donato, que se trata esta dunha iniciativa que se integra, xunto con outras, no plan institucional adoptado pola Comisión para o desenvolvemento de accións a prol da comunidade universitaria de Palestina. Entre aquelas, Donato enumera a convocatoria de varias axudas dirixidas a persoas refuxiadas por mor do conflito, a emisión de distintas declaracións en apoio á causa palestina ou a organización de diversos eventos de divulgación, sendo este o primeiro da lista. Esta xornada supuxo un paso adiante, así mesmo, na colaboración da Universidade de Santiago de Compostela coa Fundación Araganey, a cal se espera que se materialice, nun futuro próximo, na creación dunha cátedra sobre estudos interculturais e análise de conflitos internacionais.

Como se adiantaba, foron dúas as mesas redondas estruturaron a xornada. A primeira delas, moderada por Jesús Núñez Villaverde, co-director do IECAH (Instituto de Estudios sobre Conflictos y Acción Humanitaria), aproximouse ao conflito dende os debates teóricos que poden sosterse nos campos da filosofía, a historia ou a política. Para isto contou coa participación, por orde de intervención, de Antonio Míguez Macho, Antón Losada e Luis García Soto, profesores de historia contemporánea, ciencia política e filosofía moral e política, respectivamente. A segunda mesa, pola súa parte, estivo moderada pola profesora en Antropoloxía Social, Guadalupe Jiménez Esquinas. A escritora e activista hispano-siria Leila Nachawati Rego, o médico e empresario palestino Ghaleb Jaber Ibrahim

e, por último, a portavoz da Asociación Galaica Árabe Jenin, Sara Ashour Alyazji, contribuíron aquí á comprensión do conflito dende unha visión máis próxima ao activismo e aos movementos sociais.

2. As pezas do conflito. Elementos históricos, sociopolíticos e ético-filosóficos

Jesús Núñez Villaverde da comezo a esta primeira mesa, titulada “As pezas do conflito. Elementos históricos, sociopolíticos e ético-filosóficos”, situando o conflito Palestina-Israel no marco máis amplo da tensión entre Israel e os países árabes e emprazándoo, a súa vez, como un dos máis de cincuenta e seis enfrontamentos bélicos activos no mundo. Son dous os principais trazos que, de acordo co co-director do IECAH, caracterizarían esta “guerra”: (i), a impotencia da comunidade internacional (dende a Unión Europea e os seus organismos correspondentes até as principais potencias económicas como Estados Unidos) e, (ii), unha sorte de “iluminismo” no que refire tanto ás actuacións do estado israelí como das milicias de Hamás. Isto, argumenta, na medida en que ambos se abocaron a unha pugna pensando na posibilidade, irracional por outra parte, de que poderían saír vitoriosos. Son catro os eixos en torno aos cales Núñez Villaverde convida ao debate: (i), a xenealoxía do conflito; (ii), as pretensións subxacentes aos atentados do 7 de outubro, así como á resposta do primeiro ministro israelí Benjamín Netanyahu; (iii), a descrición da situación do conflito no preciso momento actual e, por último, (iv), as distintas posibilidades que poden ser prefiguradas en aras da resolución da “guerra”.

a. Na busca das orixes do conflito palestino-israelí

Antonio Míguez Macho, contrario ás tendencias a remontarse ao relato bíblico na procura dos primeiros indicios da tensión entre o pobo xudeu e o seu análogo árabe, defende que o conflito palestino-israelí é, netamente, un conflito contemporáneo. A súa xenealoxía pode ser trazada, argumenta, dende o último cuarto do século XIX. Neste momento, aquelas rexións que estaban sometidas ao Imperio Otomán empezan a experimentar un proceso de modernización e reestruturación en torno a tres fenómenos/conceptos que se atopaban en auxe naquel momento: (i) a nación e, en concreto, a nación asociada ao estado político territorial; (ii) o nacionalismo, entendido este como o anhelo por transformar a nación nun proxecto político e, en última instancia, (iii), o colonialismo. Estes elementos cristalizarían, coa Primeira Guerra Mundial e a imposición do coñecido

como “mandato británico”, na formación tanto do nacionalismo árabe como do sionismo. Este último tería a particularidade, conclúe Míguez Macho, de que se deseñaría a moitos quilómetros de distancia da demarcación territorial escollida para a constitución do estado.

Comprender as raíces da actual situación implica tamén, engade Antón Losada, pensar no Holocausto xudeu e, especialmente, no sentimento de culpa que ata o día de hoxe recorre aos países europeos. “Cando considerará a comunidade internacional que a débeda co pobo xudeu está pagada?”, pregúntase o politólogo. O que resulta máis paradoxal a ollos de Losada non é a impunidade da que, con motivo do acontecido na Segunda Guerra Mundial, goza o goberno israelí. O principal paradoxo residiría, máis ben, en que non son só -nin maioritariamente- as nacións europeas as que asumen o pago da súa redención. Polo contrario, este rol sacrificial é trasposto, “por algunha estraña razón”, dos países occidentais aos pobos árabes: son eles os que, até a actualidade, resalta Losada, están pagando polo sentimento de culpabilidade que recorre o continente europeo dende o Holocausto.

b. O porqué do conflito actual. Hamás, os atentados do 7 de Outubro e a resposta israelí.

En termos conceptuais, Luis García Soto convidanos a reflexionar en torno á adecuación da noción de “guerra” para pensar o actual conflito entre Palestina e Israel. E é que, finalmente, non hai entre ambas partes posibilidade de reciprocidade: o conflito desátase, a fin de contas, entre un estado económica e militarmente forte, por unha banda, e unha comunidade que se atopa, máis ben, indefensa. Aínda sen poder identificar cales eran as pretensións de Hamás cos atentados cometidos o 7 de outubro, aquilo que si pode ser precisado, cavila García Soto, son as súas consecuencias: o ofrecemento ao estado israelí dunha sorte de “lexitimación”, se ben imaxinaria, sobre a cal poder xustificar a súa masacre en contra do pobo palestino. Dito doutro modo: a agresión acometida pola organización palestina de Hamás permitiulle ás institucións israelís auto-representar a súa actuación como se dunha resposta ao embate, e non dun plan ofensivo, se tratase. Non obstante, é probable, conclúe o filósofo, que o conflito tivese estalado con independencia do acaecido o 7 de outubro. Non pode ser doutro modo, de feito, se pensamos a guerra non tanto como un acto espontáneo senón máis ben como parte dunha axenda de estado. Así, ante a pregunta por se estaríamos nesta mesma situación sen os ataques de Hamás, a resposta de García Soto é que, probablemente, si.

Antonio Míguez e Antón Losada complementan as súas respostas facendo respectivo énfase no panorama internacional e no seu correlativo interno/local. O primeiro subliña como a rexión palestina se encontrou imbuída dende antano en dinámicas de carácter internacional. Menciona, por pór algúns exemplos, o papel do mandato británico despois da Primeira Guerra Mundial ou o decisivo rol de

Estados Unidos e da antiga Unión Soviética no recoñecemento efectivo, conveniente de acordo cos seus intereses, do estado de Israel. Antón Losada considera, por contrapartida, que existe un baleiro teórico no que respecta ás análises do conflito dende unha perspectiva en clave interna. A súa intervención encamiñárase, por conseguinte, á posta de manifesto do xeito en que a situación específica na que se encontraba tanto o goberno de Hamás como o goberno do primeiro ministro Netanyahu deveu en decisiva no desencadeamento do conflito.

Non resulta anecdótico, esgrime Losada, que no momento no que se perpetraron os ataques de Hamás, esta organización política estivese en graves apuros para garantir a gobernabilidade da poboación palestina despois de quedar desvelada a súa incapacidade para subministrar ao pobo a seguridade e os bens materiais que lle foran prometidos durante o proceso electoral de 2006. De igual maneira, non se deben perder de vista as manifestacións multitudinarias que tan só dous meses antes do estalido do conflito se estaban sucedendo no estado israelí en reivindicación da dimisión do primeiro ministro Benjamín Netanyahu. Isto despois da súa tentativa de promulgar unha reforma xudicial tal que garantise a súa protección ante as diversas causas xudiciais abertas na súa contra por aquel entón. En xullo de 2022, sentencia Losada, Netanyahu era un "cadáver político". O crime colectivo por el perpetrado só se pode comprender, en consecuencia, como un intento de encubrimento dos seus múltiples crimes persoais.

c. Onde está o conflito hoxe?

A día de hoxe, poderíase dicir que o conflito palestino-israelí, ao igual que outras cuestións relativas á axenda política internacional, se sitúa nun momento de agarda con vistas ao que aconteza nas eleccións estadounidenses. Así o considera Losada pois, engade, se ben os resultados das devanditas eleccións non suporán un cambio significativo no que respecta ao "campo de xogo", nin tampouco no relativo ás súas regras, si transformarán substancialmente as "medidas do campo". É dicir: os resultados das eleccións estadounidenses, con motivo do posicionamento xeostratéxico do país, poderán desprazar dun xeito notorio os límites daquilo que é considerado aceptable e daquilo outro que, polo contrario, pasará a ser considerado obxecto de impugnación. Isto, especificamente, no que refire á valoración das actuacións de Israel, mais non só, pois tamén afectará ao grao de "transixencia" que Estados Unidos amose fronte ás respostas dos distintos países árabes, como é o caso de Irán.

De acordo con Antonio Míguez, Israel encontraríase na actualidade perpetuando a súa imaxe ancestral como un pobo que "afunde as súas raíces na resistencia". Esta auto-representación tería perigado, subliña, con motivo do Holocausto. Neste episodio histórico, os xudeus terían sido, de feito,

despoixados de toda posibilidade de loita ante a univocidade do xenocidio. Nada máis lonxe da actualidade, agora os atentados do 7 de outubro permitiríanlle ao goberno israelí retomar o mito da “resistencia xudía” e lexitimar así a súa resposta bélica con base na necesidade de protexer a capacidade de axencia do seu pobo, esa mesma da que serían desprovistos durante a Segunda Guerra Mundial. É por isto que, fronte a un Antón Losada que fai énfase nas dinámicas internas do goberno de Netanyahu para comprender o estalido do conflito, Míguez Macho decátanse por resaltar un imaxinario xudeu que, de longa duración, se encontraría construído con base a un ideario de resistencia que tería sido trasposto de goberno a goberno. Neste sentido, conclúe o historiador, poderíamos imaxinar un escenario no que, incluso se Benjamín Netanyahu non ocupase o posto de primeiro ministro, a ofensiva en contra do pobo palestino se desencadease igualmente como mostra da “capacidade de resistencia” israelí ante a investida do 7 de outubro.

d. Con vistas á necesaria resolución do conflito

Ante a pregunta formulada por Núñez Villaverde (“como saímos de aquí?”), todos os relatores coinciden na complexidade da situación. Máis cando se ten perdido o que Míguez Macho denomina como “memoria subalterna” da guerra. Esta, que estaría tan presente ao longo do século XX occidental, remataría por diluírse coa entrada dun novo século no que a poboación parecería achegarse aos conflitos bélicos como se de actos regrados por unha sorte de límites e códigos morais se tratase. É certo, menciona García Soto, que as primeiras teorías sobre a xustificación e os medios lexítimos para o desenvolvemento da guerra se remontan aos séculos XIV e XV. O propio Francisco de Vitoria tería reflexionado sobre o que na época se coñecía como “guerra xusta”. Agora ben, de acordo co historiador contemporáneo, dende os episodios sucedidos na Primeira Guerra Mundial resulta moi problemático pensar as actuacións bélicas como limitadas nun sentido moral ou político. Así se pode observar na actuación indiscriminada do goberno de Netanyahu no que concirne aos seus ataques á poboación civil palestina.

Ante este escenario, varios dos participantes apuntan á urxencia de fortalecer os organismos internacionais e, entre eles, a Organización das Nacións Unidas. Aínda con todas as súas posibles impugnacións, coinciden en que sen unha confianza crítica nestas institucións quedaríamos abocados a unha sorte de nihilismo (“do contrario, non nos queda nada”). Destaca por último García Soto a importancia de non subestimar o rol da disidencia israelí que, aínda que minoritaria, pode chegar a confluír na súa loita coas reivindicacións da resistencia palestina. Menciona, de igual xeito, un poder árabe que, por máis que se atope adherido ao capitalismo internacional -ou, precisamente, por este

feito-, pode chegar a desenvolver un papel relativamente importante no que refire ao deseño das posibles saídas ao conflito.

Antes de rematar esta primeira mesa, Núñez Villaverde intervén para sintetizar algunhas das ideas principais expostas e propoñer novas reflexións. En primeiro lugar, alude ao contexto inmediato no que nos atopamos, coincidindo neste punto co exposto por Losada: na actualidade situámonos nun *impasse*, á espera da resolución das eleccións estadounidenses. No obstante, destaca que Netanyahu estaría a percibir neste *impasse* un “semáforo verde” que aproveitar para incrementar a violencia dos seus ataques ante a posibilidade de que, coa nova presidencia dos Estados Unidos, as dimensións do campo de xogo se puidesen ver alteradas. A continuación, Núñez Valverde retoma o tema dos atentados do 7 de outubro, abordado ao longo da conferencia. Faino para advertir sobre a necesidade de combater o discurso hexemónico que narra o conflito comezando a “contar [dende] o 7 de outubro, [como se] o día anterior houbera paz en Gaza (...) cousa que non sería certa”. Se se aceptase este relato, estaríanse a invisibilizar as seis guerras arabo-israelís, as dúas intifadas e as cinco “operacións de castigo” das forzas armadas israelís en Palestina que, acontecidas ao longo deste século, amosan unha clara liña continuidade dentro do goberno israelí. Esta continuidade estaría determinada pola decisión de “facer a vida insuportable para os palestinos” e de obrígalos a abandonar o seu territorio co fin de impoñer un estado xudeu.

Dúas últimas reflexións son articuladas polo co-director do IECAH. A primeira delas refire á natureza democrática do goberno de Netanyahu. Non debemos esquecernos, di Núñez Villaverde, de que a sociedade israelí escolleu a Netanyahu como primeiro ministro por medio dunhas eleccións democráticas. Isto revela a súa complicidade co xenocidio de Gaza, a cal afunde as súas raíces nunha crenza compartida: a idea de que a sociedade israelí é vítima dunha ameaza e, concretamente, dunha ameaza terrorista. Este imaxinario teríase incrementado, a ollos do moderador, despois dos atentados do 7 de outubro e da incapacidade amosada por Netanyahu para “garantir a seguridade de Israel”. O ideario israelí baseado no “perigo” e na “ameaza” permite, non só comprender a “sobreactuación” do goberno dende o ataque de Hamás, senón tamén prevernos da tendencia a sobreestimar o apoio da sociedade xudía á causa palestina. Por último, Núñez Villaverde recupera cara ao final da xornada a importancia da coherencia entre os valores que propugnamos e as nosas accións políticas individuais. Se ben estas non conseguirán poñer fin ao conflito, argumenta, non por iso deixan de ser relevantes en conxunto coas realizadas polas demais persoas. Por máis que queiramos, conclúe, “non podemos escapar da nosa responsabilidade”. Sabemos, por todos os medios posibles, o que está a acontecer en Palestina, e ante este coñecemento é que nos corresponde tomar posición no noso actuar cotiá. Con

estas palabras, e tras unhas breves intervencións do público referentes ao poder árabe e ao sentimento europeo de culpabilidade polo Holocausto nazi, queda clausurada a primeira mesa de debate.

3. A loita pola causa palestina dende a sociedade civil organizada e o activismo

A segunda mesa redonda desta Xornada estivo moderada por Guadalupe Jiménez Esquinas, profesora de Antropoloxía Social na facultade de Filosofía da USC. Nesta mesa redonda, á diferenza da primeira - centrada máis no desenvolvemento histórico do conflito-, quíxose poñer o foco no conxunto de accións realizadas a favor da causa palestina pola sociedade civil galega dende unha mirada multidisciplinar. Para iso contouse coa participación de Ghaleb Jaber Ibrahim como médico, doutor en xornalismo, empresario e presidente de honra da fundación Araguaney; Leila Nachawati Rego como escritora especializada en Oriente Próximo e defensora dos Dereitos Humanos; e Sara Ashour Alyazji como representante da Asociación Galaico Árabe Jenin.

O punto de partida radica na diferenciación entre a inacción e/a complicidade das institucións internacionais *versus* organización da sociedade civil que se mobiliza en contra da violencia que o goberno de Israel inflixe á poboación palestina dende hai 75 anos e de forma máis extrema dende o pasado 7 de outubro do 2023. Dende os diferentes ámbitos de acción e experiencias vitais das participantes, abordáronse temas como a colonización do territorio, o xenocidio, a alterización, a deshumanización da poboación, as formas de representación dos medios de comunicación, a dicotomía local-global, o racismo e as estratexias colectivas de resistencia entre outros.

a. A representación do pobo palestino como unha alteridade deshumanizada nos medios de comunicación

Para abordar esta cuestión, primeiro citouse á escritora libanesa Lina Mounzer, quen di o seguinte:

Pregúntalle a calquera árabe cal foi a revelación máis dolorosa do último ano e dirache que é esta: descubrimos o alcance da nosa deshumanización ata tal punto que é imposible funcionar no mundo da mesma maneira.

Leila Nachawati Rego empezou resaltando a importancia de estar e facer actividades como a realizada durante ese día desde o mundo académico. Considera que na actualidade nos atopamos nun

contexto dolorosamente deshumanizador cara á poboación palestina, onde ás persoas que son lidas como esoutro-árabe e/ou esoutro musulmán se lles pode facer calquera cousa debido a que se normalizou un novo umbral de violencia que desdébuxa os límites entre posible e imposible, entre o imaxinable e inimaxinable. E engade: “non todos os contextos de deshumanización terminan en xenocidio, pero todos os xenocidios empezan cun proceso de deshumanización”. A deshumanización da poboación é, en definitiva, a condición *sine qua non* para realizar un xenocidio.

Puxo como exemplos o traballo realizado por Edward W. Said sobre a invasión de Iraq en 2003 por EEUU, a cal non sería posible sen a colaboración dos medios de comunicación na deshumanización do outro lido como árabe e/o musulmán. Tamén destaca o traballo de Sut Jhally sobre como representa Hollywood os personaxes árabes e/ou musulmáns, os cales aparecen caricaturizados de forma simplista -mesturando cultura, relixión e identidade-, e apelando de forma interesada a características malvadas e burlescas.

Así mesmo, fala do eixo norte-sur e da mirada exotizante de occidente cara a oriente. Unha mirada que impide ver, neste caso, a diversidade dos pobos árabes e os factores socioculturais, políticos e económicos que atravesan ás súas poboacións. Deconstruír esta mirada estereotipada sería o primeiro paso para poder establecer un diálogo entre iguais. Pon de exemplo a primavera árabe de 2011 como unha paréntese histórica onde por primeira vez e de maneira excepcional se asociou o mundo árabe a ideas como liberdade, xustiza e dignidade.

Finalmente, concluíu falando da importancia de non pensar o conflito en termos locais polo mero feito da súa localización. “A impiedade execútase a nivel local, pero as súas consecuencias son globais”, di Leila Nachawati Rego. É unha cuestión que nos afecta a todos e todas, porque está a xerar un cambio de paradigma na forma de entender as guerras. E conclúe: “Estes Estado sedentos e borrachos de belicismo están a cargarse o sistema internacional que custou tantas décadas construír. O mecanismo de distinción entre civís e combatentes; os corredores humanitarios; ninguén é inocente; a linguaxe é esperpéntica: falan de todos os palestinos como de serpes; falan de toda a poboación do Líbano como o inimigo chiíta”.

b. Contribucións do sector privado á causa palestina

Ghaleb Jaber Ibrahim falou da causa palestina como unha loita persoal que empezou hai 55 anos cando chegou a Santiago de Compostela e se aloxou nunha pensión onde o trataron de marabilla ata que lle pediron o pasaporte e, despois de ver que era xordano -porque nin existía entón, nin existe agora, o

pasaporte palestino-, o acabaron por botar da pensión. “A deshumanización que existe facía nós obríganos a facer cousas”.

Dende a fundación Araguaney traballan dende o cinema -sirva de exemplo o festival Amal que tivo lugar en Compostela do 21 ao 25 de outubro- como unha ferramenta fundamental para aproximar e dar a coñecer, desde un punto de vista social, outras realidades moi diferentes ás nosas. Un tipo de cinema social que lamenta que non chegue a toda a poboación. Precisamente por iso reivindica a importancia de facer este cinema, porque é consciente das dificultades para transmitir á poboación a causa palestina, xa que considera que “somos unha sociedade de consumo, dun neocolonialismo económico puro. Somos unha sociedade de chegar a fin de mes. Somos unha sociedade pasiva”.

c. Estratexias de visibilización, presenza pública e acción do activismo pola causa palestina

Sara Ashour Alyazji empezou agradecendo á fundación Araguaney e á USC a organización desta xornada que visibiliza a causa palestina de forma diferente a como se retrata nas noticias. Falou dende a súa experiencia persoal como muller palestina, que á súa vez se entrelaza co seu labor como representante da Asociación Galaico Árabe Jenin.

En relación ás estratexias de visibilización levadas a cabo, menciona varias iniciativas. Unha delas é a alianza xunto a outras dúas organizacións -Asociación Galiza por Palestina e Mar de Lumes- que deron lugar á creación da Coordinadora Galega de Solidariedade con Palestina. Froito deste asociacionismo publicaron, en colaboración a outras artistas galegas, o libro de poesía *Cantos de dor e liberdade. Voces galegas por Palestina co obxectivo de apoiar á poboación palestina refuxiada*.

Doutra banda, esa mesma semana A Coordinadora Galega de Solidariedade con Palestina enviou unha carta á presidencia da Xunta de Galicia denunciando que sigan mantendo relacións comerciais, diplomáticas e académicas con Israel despois de que explotase o conflito o pasado 7 de outubro. De igual forma, tamén pediron explicacións a CRTVG por non visibilizar o apoio e a solidariedade do pobo galego co pobo palestino a través das múltiples manifestacións que tiveron lugar en diferentes puntos de Galicia ao longo deste ano. Aínda que considera que falta un longo camiño por percorrer, a solidariedade do pobo galego co pobo palestino dálle esperanza e conclúe dicindo: “se nos queren quitar o soño, nós non lles deixaremos durmir”.

d. *Que podemos seguir facendo dende a sociedade civil pola causa palestina? Propostas concretas*

Leila Nachawati Rego citou o traballo de Christine Sylvester para falar da importancia de tratar os conflitos concedendo o protagonismo á persoas que os encarnan e non a quen os crea. Para iso menciona tres aspectos fundamentais. O primeiro é a responsabilidade colectiva que teñen os medios de comunicación, a academia e a sociedade civil á hora de non facilitar altofalantes a quen xa teñen recursos para impoñer os seus relatos. O segundo é ofrecer un relato sobre a guerra menos patriarcal-belicista e máis centrado no tecido social que se crea como antítese achegando o mellor da humanidade. E o terceiro é prestar atención ás fontes de información e non conformarnos co que nos contan os medios *mainstream*. Como alternativa propón os seguintes proxectos: Aljumburiya, Newarab.com e Untoldmag. Todos eles comparten unha visión de persoas locais que coñecen a rexión e que non só se limitan a facer análise en clave xeopolítica.

Ghaleb Jaber Ibrahim fala de facer unha autocrítica sobre as cousas que se fixeron mal e tamén da súa vontade por seguir buscando alianzas, dende a fundación Araguaney, para traballar conxuntamente a favor da causa palestina. Tamén fai fincapé na necesidade de diferenciar o pobo árabe das autocracias árabes que o gobernan, dado que as poboacións árabes si son solidarias con Palestina pero os seus gobernos, que responden a unha orde de colonialismo ou neocolonialismo, xurdiron pouco antes da creación de Israel para garantir a súa seguridade.

Sara Ashour Alyazji fala da importancia de seguir facendo presión desde a sociedade civil aos gobernos, ás grandes corporacións e aos medios de comunicación para que a causa palestina non perda visibilidade e acabe no esquecemento. Un exemplo son os boicots a empresas que colaboran co goberno israelí e que a xente tende a pensar que non cambia nada polo mero feito de modificar determinados hábitos de consumo. Anima a pensar estes boicots de maneira colectiva e non só como pequenas accións individuais e illadas. Concluíu manifestando que a causa palestina non está á marxe doutras loitas como a do movemento feminista ou do movemento antirracista, senón que van da man. A realidade é que máis de 9000 mulleres palestinas foron asasinadas durante este ano e moitas outras son vítimas de violencia sexual ou se atopan dando a luz entre entullos sen ningún tipo de asistencia médica. Igualmente denunciou a cantidade de veces que sufriu racismo aos seus 22 anos desde que chegase a España sendo unha nena: “Eu como palestina teño que aguantar que me chamen terrorista, que me chamen moura, que me vaia ao Sáhara a arranxar os meus problemas...”

Durante a ronda de preguntas varias persoas do público manifestaron o seu agradecemento ás participantes da mesa por centrarse en “ cousas reais a pé de terra ” e compartiron a súa preocupación pola situación de Palestina a curto e longo prazo, pensando tamén en como de afectada -física e animicamente- quedase a poboación cando o conflito termine.

A modo de conclusións falouse de catro cuestións fundamentais para rematar coa guerra. Primeiro, a importancia da colectividade fronte ao individualismo, de remar conxuntamente, Leila Nachawati Rego utilizou como metáfora a imaxe dun océano en contraposición a unhas gotas de auga. Segundo, a necesidade de que a poboación civil siga exercendo presión sobre altas instancias de poder para que se adopten medidas que favorezan o cesamento da violencia sobre o pobo palestino. Terceiro, as accións simbólicas, como o recoñecemento de Palestina como estado polo goberno español, son necesarias pero insuficientes se non van acompañadas de feitos concretos que se materialicen nun obstáculo para que a guerra continúe, por exemplo non comprar nin vender armas ao goberno israelí. E cuarto, ampliar o horizonte de comprensión do conflito, xa que Europa non é o embigo do mundo e no sur global está a haber tomas de posición exemplares. “Sempre falamos dos árabes, pero nunca falamos cos árabes”.

A parte máis emotiva da xornada produciuse a partir das reflexións finais das participantes, que citamos a continuación:

Leila Nachawati Rego: “Non teño esperanza no sentido máis tradicional do termo de que as cousas vaian mellorar. Paréceme que van empeorar. Pero se teño esperanza, tal e como a describe o expresidente da República Checa Václav Havel. El dicía que a esperanza non é un prognóstico, senón algo que afunde as súas raíces máis profundas na responsabilidade humana. A esperanza non é a convicción de que algo vai saír ben, senón a certeza de que algo ten sentido independentemente de cal sexa o resultado. É tamén esta esperanza, sobre todo, a que nos dá forza para vivir e probar continuamente cousas novas. Mesmo en condicións que parecen tan desesperadas como as nosas, aquí e agora”.

Ghaleb Jaber Ibrahim: “Nós non queremos escondernos. Queremos ser libres. Queremos ser palestinos. Queremos ser árabes”.

Sara Ashour Alyazji: “Eu o que quero é poder volver ver á miña familia e non ter que estar anos sen velos porque teño fronteiras que pasar, ou porque os políticos non me permiten ir ver á miña familia. Desexo non perder a máis membros da miña familia. Non son números. Son vítimas. Son historias. A semente palestina seguirá crescendo máis forte que nunca”.

Finalmente, Guadalupe Jiménez Esquinas quixo agradecer ás participantes por “poñer a palabra, por poñer o sentido, o corazón e sobre todo a dignidade nesta mesa”. A xornada concluíu con dúas das participantes visiblemente moi afectadas ás que o público presente quixo arroupar cunha cálida ovación. O peche da xornada realizouno o Decano Xavier de Donato Rodríguez agradecendo aos participantes e moderadores de ambas mesas redondas as súas achegas durante a xornada.

Santiago de Compostela, 30 de Outubro do 2024

MÉRCORES 30 OUTUBRO – 17:00h • SALÓN DE ACTOS DA FACULTADE DE FILOSOFÍA DA USC • RETRANSMISIÓN EN STREAMING

“Miradas Complementarias unha análise multidisciplinar do conflito palestino-israelí en Oriente Próximo”

As pezas do conflito
Elementos históricos, sociopolíticos e ético-filosóficos

MODERA: Jesús Núñez Villaverde
Co-director do IRECAF (Instituto de Estudos sobre Conflitos e Axuda Humanitaria)
IRECAF – 19.30h.

- Antonio Miguez Miacho
Profesor de Historia Contemporánea
- Antón Losada
Profesor de Ciencia Política e da Administración
- Luis García Soto
Profesor de Filosofía Moral e Política

USC   

MÉRCORES 30 OUTUBRO – 17:00h • SALÓN DE ACTOS DA FACULTADE DE FILOSOFÍA DA USC • RETRANSMISIÓN EN STREAMING

“Miradas Complementarias unha análise multidisciplinar do conflito palestino-israelí en Oriente Próximo”

A loita pola causa palestina
dende a sociedade civil organizada e o activismo

MODERA: Guadalupe Jiménez Esquinas
Profesora de Antropoloxía Social
19.45h. – 20:00h.

- Ghaleb Jaber Ibrahim
Empresario e presidente de Ironia da Fundación Aragüeshey
- Leila Nachewat
Escritora e activista experta en Oriente Próximo
- Sara Ashour
Representante da Asociación Galega Árabe Jenin e activista

USC   